



Seniors Dixitais

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego	4
1.1 Seniors Dixitais	5
1.2 Fenda Dixital	6
1.3 Dinámicas da poboación galega	7
1.4. Dixitalización dos fogares galegos	8
2. Seniors Dixitais: acceso ás tecnoloxías	9
2.1 Uso de diferentes dispositivos electrónicos	10
2.2 Uso de Internet	13
3. Tendencias dixitais dos seniors	18
3.1 Servizos utilizados na Internet	19
3.2 Actividades de aprendizaxe	21
3.3 Actividades relacionadas coa saúde	22
3.4 Outras actividades realizadas na Internet	23
3.5 Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores	24
3.6 Actividades relacionadas coa Informática	25
4. Seniors: uso das tecnoloxías na rede	26
4.1 Comercio electrónico	27
4.2 Ciberseguridade	29
4.3 Administración Electrónica	31
5. Acceso aos equipamentos dixitais nos fogares dos seniors de máis de 74 anos	35
5.1 Equipamento tecnolóxico dos fogares	36
5.2 Fogares con Internet	39
6. Conclusións	41
7. Outros estudos OSIMGA de referencia	43



1. Presentación

Seniors dixitais

O informe de Seniors Dixitais, que elaborou OSIMGA por primeira vez en 2023, enmárcase no obxectivo da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) “2.1. A inclusión Dixital da Sociedade”, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás”.

Este informe é unha aposta por estender a análise do acceso á dixitalización de toda a sociedade galega e comprobar en que medida está a evolucionar ata as idades máis avanzadas.

Dentro do módulo de novas tecnoloxías da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), preséntase separadamente a análise da poboación de idades mais avanzadas, de máis de 74 anos*. Ademais, inclúense os datos dos galegos e galegas maiores de 65 anos que se extraen da enquisa estrutural aos fogares onde residen persoas de 16 a 74 anos. Por tanto, o contido deste informe abrangue a dixitalización das persoas de 65 e máis anos e a súa comparativa co resto da poboación.

Os obxectivos deste estudio son os seguintes:

- ✓ *Avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais por parte das persoas de máis de 64 anos en Galicia.*
- ✓ *Coñecer o uso dos dispositivos electrónicos e determinar as habilidades dixitais da poboación por tramos de idade.*
- ✓ *Comprobar o nivel de equipamento dixital e conectividade nos fogares galegos onde residan persoas de máis de 64 anos.*

Máis en concreto, os indicadores incluídos son:

- Disponibilidade de teléfonos móbiles.
- Uso de tablets e ordenadores (sobremesa e portátiles).
- Uso de internet
- Servizos e actividades realizadas na Internet.
- Habilidades e usos dixitais.

Todos estes indicadores son desagregados por xénero, áreas xeográficas e se residen nunha vivenda en “risco de pobreza”**. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven persoas de máis de 74 anos, comparándoos co do resto de fogares.

* OSIMGA dispón de datos para maiores de 74 dende 2023, aos que incorpora e compara os de 65 a 74, dos que xa se viña dispoñendo dos datos, porque responden ao cuestionario xeral.

**Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

Fenda Dixital

A dixitalización da sociedade galega materialízase na aparición de novas actividades de lecer, formas de xestionar servizos, de consumir e de relacionarse coa administración. A Administración Autonómica Galega, a través de diferentes instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), ten como un dos seus obxectivos prioritarios a capacitación dixital de toda a cidadanía. Pon a atención en analizar a situación de diferentes colectivos, áreas xeográficas e perfís que poidan ter máis dificultades no acceso aos equipamentos e na incorporación á dixitalización. Neste contexto é de vital importancia achegar análises centradas na situación das TICs entre os colectivos máis vulnerables.

Algúns colectivos pode que non contén cos recursos, coas oportunidades ou capacidades necesarias para acceder a este medios dixitais, asomando as "fendas dixitais". O EUROSTAT define a fenda dixital como a distinción entre aqueles que teñen acceso a Internet e poden facer uso del, e aqueles que están excluídos destes servizos. O INE indica unha serie de factores que se agachan detrás da fenda dixital como a falta de infraestruturas que propicien o uso das TIC, a falta de coñecementos e habilidades necesarias para participar na sociedade dixital, ou a falta de interese no que a sociedade da información pode ofrecer.

A fenda dixital por cuestión de idade podemos definila como as diferenzas significativas no uso das TIC entre as denominadas "xeracións tecnolóxicas" que se definen da seguinte maneira (*):

- ✓ Xeración tecnolóxica 1: persoas mozas de non máis de 30 anos, nadas nunha contorna tecnolóxica, con plena incorporación de competencias tecnolóxicas desde idades temperás. Coñecidas tamén por "persoas nativas dixitais".
- ✓ Xeración tecnolóxica 2: abarca un groso de poboación de mediana idade, marcadamente heteroxénea, cunha inmersión TIC intermedia. Neste proceso tiveron influencia, especialmente, a formación recibida e o ámbito laboral.
- ✓ Xeración tecnolóxica 3: son persoas de mediana e avanzada idade nas que o contacto coas novas tecnoloxías estivo marcado polo desempeño de profesións de alta cualificación, ou ben, polas accións formativas específicas en materia TIC.

En termos máis informais, pero de forma análoga á clasificación anterior, sóese distinguir aos "boomers" (nados na explosión demográfica da natalidade dende aproximadamente 1960 ata 1980) como a última xeración que non viviu a súa xuventude manexando internet, fronte ás xeracións posteriores (millenials, etc), ou "nativos dixitais". A aprendizaxe dixital prodúcese en etapas vitais diferentes.

En realidade este informe trata sobre a xeración previa aos "boomers" (ás veces denominada tamén "xeración silenciosa"). O mundo de internet colleulles xa con máis de 40 anos e procedían dunha estrutura laboral moi diferente á actual. Normalmente non precisaron de grandes habilidades dixitais para desenvolverse nos seus empregos, pero enfróntanse agora a unha sociedade onde os servizos, o ocio e a comunicación dependen en boa medida do acceso a internet e o manexo de dispositivos dixitais.

Dinámicas da poboación galega



A poboación galega caracterízase por un nivel de avellentamento alto, cunha tendencia similar en toda Europa. No 2023, a poboación galega acada unha idade media de 48,16 anos fronte aos 44,18 anos de media de España e dos 44,5 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer cada ano, debido ao aumento da esperanza de vida e a baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar.

O envellecemento da poboación galega continúa crescendo. Segundo ou IGE, no 2023 a idade media dos habitantes da Comunidade supera á de 2022 (48,01 anos) e xa subiu case tres puntos dende 2013 (45,61).

Por sexos, os homes teñen de media 46,54 anos, mentres que as mulleres xa acadan os 49,66 anos.

Só un 15,54% dos galegos tiñan menos de 20 anos en 2023, mentres o 58,16% estaba entre os 20 e os 64 anos. Máis dun 26,30% dos habitantes da comunidade tiña máis de 64 anos.

Por provincias, Ourense acada os 51,23 anos de idade media e Lugo os 50,48, fronte aos 47,84 da Coruña e 46,76 de Pontevedra.




Idade media segundo Provincia					
Idade Media 2022	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Total	47,84	50,48	51,23	46,76	48,16
Homes	46,19	49,04	49,53	45,13	46,54
Mulleres	49,36	51,83	52,8	48,28	49,66

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. Elaboración Propia

Para analizar o proceso de avellentamento úsase o *índice de envellecemento*, que calcula o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20.

Este índice, para o conxunto de Galicia, situouse en 2023 en 169,27 e isto significa que por cada 100 menores de 20 anos contabilizáronse máis de 169 persoas maiores de 64.

Idade media da poboación por Comunidade Autónoma



Fonte: INE. Indicadores de Estructura de la Población. Ano 2023

Dixitalización dos fogares galegos


Tal e como se recolle no estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2023, o 94,3% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 1,7% respecto a 2022.

A porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps experimentou un incremento no período 2020-2023, situándose no 44,8% fronte ao 27,2% que rexistraba no ano 2020.


Fendas dixitais da poboación galega no 2022

A idade segue a ser un factor que inflúe no nivel de dixitalización. Canto máis novos son os usuarios, maior é o uso da Rede, alcanzando un 99,9% entre a xente máis nova de Galicia. Non obstante, a fenda dixital en función da idade está a diminuír ano tras ano. Aumenta o nivel de dixitalización entre as persoas de 65 a 74 anos: actualmente, o 65,9% son usuarios de Internet, o que supón un incremento do 10% no último ano.

Fogares galegos con internet contratado. Evolución



Fogares galegos con ordenadores. Evolución



Principais características da dixitalización nos fogares galegos no 2023



O dispositivo electrónico máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone): o 92,6% da poboación emprega un smartphone. Obsérvase un uso universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, o uso sitúase no 70,3%.

A porcentaxe de internautas, incrementouse respecto ao ano 2022 nun 2,5%. En termos absolutos, 1.807.980 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que supón un incremento de 70.070 internautas nos últimos catro anos.



As actividades preferidas dos internautas galegos son usar mensaxería instantánea (98,5%), buscar información sobre bens e servizos (88,6%), recibir ou enviar correos electrónicos (86,6%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (81,7%), telefonar por internet / videoconferencia (79,6%), ou usar banca electrónica (78,4%).





2. Seniors Dixitais: Acceso ás tecnoloxías

Uso de diferentes dispositivos electrónicos

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses


(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



O 70,6% dos/as seniors de 65 a 74 anos utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. Esta porcentaxe descende ao 27,9% nos maiores de 74 anos.

Entre os **maiores de 64 anos** son as persoas que teñen estudos de segunda etapa de educación secundaria ou superiores e os que residen en municipios de máis de 20.000 habitantes, os que teñen un maior acceso a este equipamento.

As diferenzas son máis acusadas entre os maiores de 74: o uso dos dispositivos polos homes supera en case 8 puntos ás mulleres, e a diferenza por nivel de estudos é de máis de 40 puntos.



Seniors Dixitais:


Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

USO DOS DIFERENTES DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS SEGUNDO CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS			
		65-74 anos	Máis de 74 anos
Xénero	Home	69,7%	32,6%
	Muller	71,4%	24,7%
	Total	70,6%	27,9%
Tamaño Hábitat	Menos de 5.000 habitantes	59,9%	17,2%
	Entre 5.000 e 10.000 habitantes	63,5%	23,4%
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	66,6%	23,5%
	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	71,2%	26,2%
	Máis de 50.000 habitantes	82,7%	41,6%
Nivel de estudos	Total	70,6%	27,9%
	Educación primaria e inferior	40,6%	12,7%
	Primeira etapa de educación secundaria e similar	66,3%	31,1%
	Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	91,0%	71,2%
	Educación superior	95,4%	77,4%
En risco de pobreza	Total	70,6%	27,9%
	Si	53,3%	26,6%
	Non	72,4%	28,1%
Total		70,6%	27,9%

Uso de diferentes dispositivos electrónicos

Persoas que utilizaron o teléfono móbil con capacidade de acceso a (smartphone) nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)




Persoas que utilizaron ordenador (de sobremesa ou portátil) nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



Persoas que utilizaron outros dispositivos móbiles (tablet, PDA ou netbooks) nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



Un ano máis, o dispositivo electrónico máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone). O uso destes dispositivos está en estreita relación coa idade: a maior idade menor uso. No 2023, o 70,3% dos galegos e galegas de 65 a 74 anos utilizaron estes dispositivos nos últimos tres meses fronte ao 27,3% dos seniors de máis de 74.

O uso de tablets ou ordenadores entre os maiores de 74 anos é mínimo, mentres que entre os galegos de 16 a 64 anos o uso dos ordenadores é do 68,4% en 2023, 60 puntos porcentuais por riba dos maiores de 74 anos.

Uso de diferentes dispositivos electrónicos


Seniors que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo características socio demográficas

		Seniors de 65 a 74 anos			Seniors de máis de 74 anos		
		Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks	Smartphone	Ordenador de sobremesa ou portátil	Tablets, PDA e netbooks
Xénero	Home	69,3%	32,7%	15,5%	31,7%	12,3%	6,5%
	Muller	71,1%	22,6%	15,0%	24,2%	5,8%	4,9%
	Total	70,3%	27,3%	15,2%	27,3%	8,4%	5,5%
Tamaño Hábitat	Menos de 5.000 habitantes	59,8%	16,3%	7,2%	16,8%	3,5%	2,7%
	Entre 5.000 e 10.000 habitantes	63,0%	16,1%	9,9%	23,0%	4,6%	2,8%
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	66,2%	25,7%	11,1%	22,7%	5,8%	3,7%
	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	70,3%	21,3%	11,9%	25,8%	5,8%	4,7%
	Máis de 50.000 habitantes	82,4%	42,6%	26,6%	40,6%	16,5%	10,4%
	Total	70,3%	27,3%	15,2%	27,3%	8,4%	5,5%
Nivel de estudos	Educación primaria e inferior	40,3%	3,6%	3,1%	12,4%	1,5%	1,6%
	Primeira etapa de educación secundaria e similar	66,2%	14,2%	7,7%	30,4%	6,8%	5,1%
	Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	90,7%	53,7%	33,6%	69,7%	37,1%	16,1%
	Educación superior	94,0%	73,0%	37,3%	75,0%	43,7%	26,4%
	Total	70,3%	27,3%	15,2%	27,3%	8,4%	5,5%
En risco de pobreza	Si	53,3%	9,4%	8,4%	25,9%	5,8%	2,4%
	Non	72,1%	29,3%	16,0%	27,4%	8,8%	6,0%
	Total	70,3%	27,3%	15,2%	27,3%	8,4%	5,5%

Entre os seniors, o uso de dispositivos tales coma a tablet ou ordenador está en estreita relación coas características sociodemográficas. Neste senso é mais habitual o uso de ordenadores ou tablets a medida que se incrementa o nivel de estudos, que os fogares non estean en risco de pobreza, e residan nos concellos de máis de 50 mil habitantes. Ademais, nestes tramos de idade, existe unha fenda de xénero significativa, fenómeno que non existe na poboación xeral*.

*Ver informe: [Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2023](#)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses




Nos últimos anos, as persoas maiores fóronse sumando progresivamente, ao uso das novas tecnoloxías, incrementándose o número de internautas galegos de 65 a 74 anos, que en 2023 xa acadan o 65,9%.




Neste último ano tamén se incrementa a porcentaxe de galegos/as maiores de 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses, pasando do 20,1% no 2022 ao 22,5% no 2023, o que supón un crecemento relativo do 11,9%.

A evolución do uso de Internet nos tres últimos meses nas persoas maiores de 65 anos en Galicia amosa un crecemento relativo dende 2021 a 2023 do 12,3% entre os seniors de 65 a 74 anos e un 27,8% entre os maiores de 74 anos.

Uso de Internet nos tres últimos meses das persoas de 65 e máis anos. Comparativa Galicia – España. Año 2023



Evolución do uso de Internet nos tres últimos meses das persoas de 65 e máis anos. Galicia 2021-2023



Uso de Internet

Evolución do número de Internautas segundo idade


Persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses			
	2021	2023	Incremento no período 2021-2023
16 a 64 anos	1.570.024	1.591.753	1,4%
65 a 74 anos	181.171	216.227	19,3%
Máis de 74 anos	63.556	82.855	30,4%



A pesares de que o uso da internet redúcese conforme aumenta a idade, o maior crecemento nos últimos anos produciuse entre os seniors de mais de 74 anos, cun incremento relativo do 30,4% dende 2021, e acadando un total de 82.855 internautas no 2023, o que supón a incorporación de 19.299 novos internautas nos dous últimos anos.




Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo



A fenda de xénero no uso de Internet nos maiores de 65 anos aumenta a medida que aumenta a idade dos mesmos.


Entre os galegos maiores de 74 anos, os homes superan en 6,1 puntos porcentuais ás mulleres.

Con todo, as mulleres internautas de máis de 74 anos creceron un 21,2%.



Uso de Internet


Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos



O nivel de estudos dos seniors inflúe no uso da Internet. Así tanto no grupo de 65 a 74 anos como os que teñen máis de 74 anos, a maior nivel educativo maior número de internautas.

En canto á evolución nos últimos dous anos, obsérvase un crecemento positivo na incorporación de Internautas segundo o nivel de estudos, destacando que o maior crecemento sitúase nos galegos e galegas de 65 a 74 anos que teñen estudos primarios.


Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos. Evolución 2021-2023



Uso de Internet

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello

(% sobre o total de persoas de máis de 65 anos)




O lugar de residencia é outra variable que se relaciona co uso da Internet entre a cidadanía. Canto maior é o tamaño de poboación, maior é a porcentaxe de internautas.

O 79,5% da poboación de 65 a 74 anos que reside nos concellos de máis de 50 mil habitantes utilizou internet nos últimos tres meses en 2023, fronte a só o 37,4% dos maiores de 74 anos que residen no mesmo tipo de hábitat. En ambos casos é moito máis elevado que nas poboacións máis pequenas.

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello. Evolución 2021-2023


Seniors de 65 a 74 anos

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos)




Seniors de máis de 74 anos

(% sobre o total de persoas de máis de 74 anos)



Uso de Internet

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo se están en risco de pobreza




O nivel de socioeconómico dos fogares nos que residen os Seniors inflúe tamén no uso da Internet: a maior risco de pobreza menor porcentaxe de internautas.

No 2023, a fenda dixital segundo o risco de pobreza dos fogares nos que residen os maiores de 65 anos é notable. Ademais obsérvase mellor evolución nos fogares que non están en risco de pobreza ao igual que ocorría nos anos anteriores.

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo se están en risco de pobreza.
Evolución 2021-2022


Seniors de 65 a 74 anos

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos)



Seniors de máis de 74 anos

(% sobre o total de persoas de 74 e máis anos)






3. Tendencias Dixitais dos Seniors

Servizos utilizados na Internet

Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses



A mensaxería instantánea é a funcionalidade utilizada máis frecuentemente polos internautas galegos independentemente da súa idade.

Centrándonos nos internautas seniors, o 96,2% dos de 65 a 74 anos e o 90,8% dos maiores de 74 anos usan a mensaxería instantánea, achegándose ao nivel de uso que fan os internautas de 16 a 64 anos.

Como servizos máis utilizados polos internautas maiores de 65 anos atopamos tamén a lectura de noticias, xornais ou revistas en liña, e a busca de información sobre bens o servizos.

A participación en redes sociais, escoitar música, ver contidos en streaming, ver películas, programas, ou contidos de vídeos para compartir son as actividades que máis afastan aos internautas seniors da poboación menor de 65 anos.



Servizos utilizados na Internet

Servizos de internet utilizados polos maiores de 65 anos con fins particulares nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Usar mensaxería instantánea	95,6%	96,7%	90,3%	91,3%
Buscar información sobre bens ou servizos	74,4%	64,7%	68,3%	48,1%
Recibir ou enviar correos electrónicos	64,6%	50,4%	52,5%	37,0%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	70,4%	58,0%	67,0%	51,3%
Telefonar por internet/videoconferencia	57,5%	59,2%	49,3%	53,1%
Participar en redes sociais	39,6%	37,0%	23,0%	27,3%
Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión	38,0%	28,7%	26,1%	15,3%
Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais	34,4%	25,3%	23,5%	16,1%
Xogar ou descargar xogos	7,0%	6,0%	4,0%	7,4%




Tras a mensaxería, buscar información sobre bens o servizos ou recibir ou enviar correos son os servizos máis utilizados polos galegos internautas maiores de 65 anos.

Neste caso, as mulleres superan aos homes nalgúns apartados, especialmente nos relacionados coa comunicación: mensaxería instantánea, telefonar por internet / videoconferencia e, participar en redes sociais.

Actividades de aprendizaxe

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



As actividades de aprendizaxe na Internet son minoritarias entre os internautas galegos. Na poboación máis nova, de 16 a 64 anos, a formación en liña acadase o 28%, particularmente na utilización da Internet para a comunicación entre profesores e alumnos utilizando portais ou sitios web educativos.

Entre os seniors, o feito de realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de aprendizaxe en liña é algo residual. Se entre os máis novos, o 21,6% indica que realizou algún tipo actividade de aprendizaxe on line, esta porcentaxe descende considerablemente: tanto homes como mulleres maiores de 65 anos non adoitan realizar actividades de aprendizaxe na rede, e se o fan, só o 2,8% dos seniors de 65 a 74 anos e o 2,3% dos maiores de 74 anos utilizan material de aprendizaxe *on line* ou *realizan algún curso en liña*.




Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet polos maiores de 65 anos con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	2,8%	1,6%	2,5%	0,8%
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña) ou utilizar material de aprendizaxe en liña	3,7%	2,1%	3,1%	1,7%

Actividades relacionadas coa saúde

Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



As actividades relacionadas coa saúde realizadas na rede seguen medrando entre os internautas galegos.

No 2023, entre os Seniors de 65 a 74 anos case 5 de cada 10 internautas galegos/as concertan unha cita médica a través dunha páxina web, unha aplicación móbil, e o 32,3% buscan información sobre temas de saúde.

Nos maiores de 74 anos, ambas actividades superan o 25%.

No referente ás diferenzas observadas por xénero e idade, en todas as categorías e rangos de idades son os homes os usuarios máis habituais dos servizos de saúde.

Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade



(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	51,1%	47,3%	40,9%	33,0%
Buscar información sobre temas de saúde, acceder a arquivos persoais de saúde ou acceder a outros servizos de saúde a través dunha páxina web ou dunha app de móbil en lugar de ter que ir ao hospital ou visitar un médico	33,3%	31,5%	28,6%	23,3%



Outras actividades realizadas na Internet

Outras actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



No 2023, o 55,4% dos internautas galegos/as de 65 a 74 anos e o 41,1% (+11.4% respecto ao ano anterior) dos maiores de 74 anos utilizan a banca electrónica, sendo unha das actividades máis frecuentes entre os internautas maiores de 65 anos. Este feito indica un bo nivel de dixitalización dos seniors galegos.


No uso da banca electrónica aínda se detecta unha gran fenda dixital entre homes e mulleres, especificamente entre os maiores de 74 anos, con máis de 14 puntos de diferenza a prol dos homes.

Outras actividades realizadas por Internet polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Banca electrónica	62,6%	49,2%	48,6%	34,4%
Copiar ou mover ficheiros entre carpetas ou dispositivos	28,8%	22,7%	23,1%	11,9%
Copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube	16,7%	13,1%	11,7%	4,9%
Buscar emprego	1,3%	0,7%	0,4%	0,3%
Vender bens ou servizos (transacción ou trato realizado en liña)	3,0%	2,0%	1,1%	0,4%

Actividades relacionadas cos m3biles e ordenadores

Actividades relacionadas cos m3biles e ordenadores realizadas nos 3ltimos 3 meses



Os datos sobre as actividades relacionadas cos m3biles e ordenadores que realizan os internautas galegos evidencian a adquisici3n de habilidades dixitais por parte da poboaci3n.

Estes datos corroboran que a idade 3 un factor condicionante na disposici3n de habilidades dixitais entre os internautas galegos.

Entre os internautas de 65 a 74, s3 o 23% instala software ou aplicaci3ns e un 18,9% ten a destreza de transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos. Estas porcentaxes descenden ao 11,7% e 9,5% entre os maiores de 74 anos.

A fenda dixital, tanto de idade como de x3nero, 3 m3is evidente neste tipo de actividades onde se require de destrezas adquiridas no 3mbito dixital.

Actividades relacionadas cos m3biles e ordenadores realizadas polos maiores de 65 anos nos 3ltimos 3 meses segundo sexo e idade




(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos 3ltimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de m3is de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Instalar software ou aplicaci3ns	26,3%	20,2%	14,5%	9,3%
Transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos	23,3%	15,0%	14,4%	5,2%
Cambiar a configuraci3n de calquera software, incluídos o sistema operativo e os programas de seguridade	8,1%	4,1%	4,8%	0,7%

Actividades relacionadas coa informática

Actividades relacionadas coa informática realizadas nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Actividades relacionadas coa informática realizadas polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	23,0%	14,8%	17,5%	7,2%
Usar un procesador de texto	18,7%	11,5%	15,2%	4,2%
Usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio	11,6%	7,1%	5,2%	2,7%
Usar follas de cálculo	10,9%	5,5%	6,6%	0,6%
Crear presentacións ou documentos que integren texto, imaxes, táboas ou gráficos	9,3%	5,8%	5,8%	0,7%
Programar nunha linguaxe de programación	2,0%	1,1%	0,6%	0,0%



Copiar ou mover ficheiros ou carpetas é a actividade informática máis común que realizan os galegos de mais de 65 anos que utilizan Internet, quedándose no 18,6%.

A fenda de xénero no uso de procesadores, follas de cálculo, presentacións e edicións multimedia é moi notoria nestas idades. A porcentaxe de homes que as realizan é en case todas máis do dobre que as mulleres.




4. Seniors: uso das tecnoloxías na rede

Comercio electrónico


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet



Persoas de 65 e máis anos que adquiriron bens ou servizos a través de Internet
Comparativa Galicia – España. Año 2023



Evolución do comercio electrónico das persoas de 65 e máis anos. Galicia 2021-2023



Continúa o incremento do número de seniors galegos /as que adquiriron algún ben ou servizo a través da rede.

Destacamos o crecemento de compradores maiores de 74 anos, que no ano 2023 supoñen un 16,2%, un 17,4% máis que no ano anterior e un 41% máis que no 2021.


Neste ano crecen tamén os compradores de 65 a 74 anos, nun 13,1% respecto ao 2022.

Aínda así, a proporción de compradores é aproximadamente a cuarta parte en comparación coa poboación menor de 65 anos.


Comercio electrónico

Características sociodemográficas dos seniors que adquiriron bens ou servizos a través de Internet

Segundo sexo




Segundo tamaño do concello onde residen




A porcentaxe de compradores/as a través de Internet increméntase, co nivel formativo.

Segundo nivel de estudos




Segundo risco de pobreza



Tamén é máis elevada se non residen en fogares en risco de pobreza ou residen en concellos de máis de 50 mil habitantes.


A fenda de xénero na compra por Internet é máis acusada nos maiores de 74 anos, onde supera os 10 puntos porcentuais.

Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses (*)



Actualización dos produtos de seguridade informática por parte da poboación

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



A ciberseguridade converteuse nunha necesidade para todas as persoas nos últimos anos, en que se ven incrementados os incidentes desta natureza. Así o 15% galegos/as de ata 64 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses tiveron algún incidente de ciberseguridade, cifra que se reduce a medida que a idade avanza: o 9% dos seniors de máis de 74 anos sufriron incidentes no último ano.


A medida que a idade sobe, descende a porcentaxe de persoas que actualizaron algún dos seus produtos de seguridade informática. Só o 35,1% das persoas maiores de 74 anos que usaron Internet nos últimos 12 meses actualizan periodicamente fronte ao 65,7% dos internautas de 16 a 64 anos que o fan.

(*) Na enquisa do ano 2022 o valor do indicador de incidentes de ciberseguridade era superior ao 50%, pero non se pode considerar a continuidade nin comparar co valor de 2023. Mentres en 2022 era o resultado de contabilizar a todas as persoas que sufriran algún dos incidentes dunha lista que se vai enumerando unha a unha, en 2023 é unha pregunta única, onde se propoñen unha serie máis reducida de exemplos. A diferenza máis importante é que entre eses exemplos de 2023 non está o incidente máis numeroso con diferenza en 2022, o SPAM. Por tanto os valores non serán comparados neste informe

Características sociodemográficas dos seniors que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses


Segundo sexo

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Segundo nivel de estudos

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Segundo tamaño do concello onde residen

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Segundo risco de pobreza

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




A realización de tarefas máis avanzadas, complexas e diversas en internet aumenta a exposición a riscos de ciberseguridade. Por esta razón pódese entender que os colectivos máis activos na rede son os que máis declaran maiores riscos de ciberseguridade: homes, niveis educativos altos, e que non residen en vivendas en risco de pobreza.

Administración electrónica

Persoas que empregan internet nas súas xestión coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses.

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet e interactuaron coa administración pública nos últimos doce meses)



Dos que precisaron realizar xestións coas administracións, o 57,5% dos galegos/as de 65 a 74 anos empregou internet para realizalas.

Entre os maiores de 74 anos esta porcentaxe descende, así no 2023, o 43,1% dos galegos/as maiores de 74 anos realizaron xestións coas administracións e organismos públicos a través de Internet.


Un pouco máis da metade dos seniors de 65 a 74 anos utilizan a rede para obter información (57,4%), descargar formularios oficiais (54,6%) ou enviar formularios cumprimentados (54,3%).

No grupo dos internautas maiores de 74 anos, máis do 40% relaciónase coas AAPP para obter información, descargar formularios oficiais ou enviar formularios cumprimentados. A descarga de documentos persoais ten unha incidencia inferior, do 12,1% neste grupo de idade.

A fenda dixital por idade é máis acusada cando se trata de realizar trámites coa administración a través da canle virtual.

Trámites realizados coa administración segundo a idade

(% sobre as persoas de 16 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Administración electrónica

Trámites realizados coa administración polos seniors galegos
Evolución Galicia 2021-2023


Obter información

(% sobre as persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Descargar formularios

(% sobre as persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Enviar formularios cubertos

(% sobre as persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Descargar documentos

(% sobre as persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Dentro do marco da EGD2030, a consolidación da administración electrónica en Galicia é unha realidade. No ano 2023, case todos os diferentes trámites realizados polos seniors incrementáronse no último ano independentemente da idade.

Administración electrónica

Trámites realizados polos Seniors galegos coa administración segundo as características sociodemográficas

Segundo sexo

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Home	Muller	Home	Muller
Para obter información	61,8%	53,5%	49,2%	37,6%
Para descargar formularios oficiais	59,2%	50,5%	46,3%	35,8%
Para enviar formularios cumprimentados	58,6%	50,4%	46,3%	35,8%
Para descargar documentos persoais	27,9%	19,3%	17,4%	7,5%



Segundo tamaño do concello onde residen

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)	Seniors de 65 a 74 anos					Seniors de máis de 74 anos				
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.001 e 10.000 hab.	Entre 10.001 e 20.000 hab.	Entre 20.001 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.001 e 10.000 hab.	Entre 10.001 e 20.000 hab.	Entre 20.001 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.
Para obter información	43,4%	56,1%	57,2%	54,5%	65,0%	38,0%	46,1%	44,8%	48,9%	42,6%
Para descargar formularios oficiais	38,6%	54,5%	54,3%	50,8%	63,0%	35,9%	43,2%	39,3%	45,1%	41,2%
Para enviar formularios cumprimentados	38,6%	52,5%	54,0%	50,8%	63,0%	35,9%	43,2%	39,3%	45,1%	41,2%
Para descargar documentos persoais	13,1%	17,7%	27,2%	18,9%	29,3%	10,4%	10,2%	10,1%	15,6%	12,9%

Entre os maiores de 65 anos, obsérvase que a porcentaxe de homes que interactúa coa AAPP supera á porcentaxe de mulleres en todos os procedementos analizados.

O tamaño de hábitat inflúe na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet: o uso de Internet para interactuar coas Administracións Públicas, incrementase en xeral a medida que o fai o número de habitantes do concello, independentemente da idade dos seniors.

Trámites realizados polos Seniors galegos coa administración segundo as características sociodemográficas

Segundo risco de pobreza

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)				
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Reside nunha vivenda en risco de pobreza	Non reside nunha vivenda en risco de pobreza	Reside nunha vivenda en risco de pobreza	Non reside nunha vivenda en risco de pobreza
Para obter información	46,5%	58,2%	34,2%	43,9%
Para descargar formularios oficiais	43,5%	55,4%	33,5%	41,4%
Para enviar formularios cumprimentados	43,5%	55,1%	33,5%	41,4%
Para descargar documentos persoais	12,2%	24,2%	12,2%	12,1%



Segundo nivel de estudos



(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)								
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Seniors de 65 a 74 anos				Seniors de máis de 74 anos			
	Ed. primaria e inferior	1º etapa de Ed. secundaria e similar	2º etapa de Ed. secundaria e Ed. postsecundaria non superior	Educación superior	Ed. primaria e inferior	1º etapa de Ed. secundaria e similar	2º etapa de Ed. secundaria e Ed. postsecundaria non superior	Educación superior
Para obter información	28,1%	46,2%	71,3%	80,8%	34,0%	36,7%	52,3%	56,7%
Para descargar formularios oficiais	25,8%	43,2%	68,3%	78,4%	33,0%	34,1%	50,3%	53,6%
Para enviar formularios cumprimentados	25,8%	42,7%	68,3%	78,0%	33,0%	34,1%	50,3%	53,6%
Para descargar documentos persoais	3,7%	11,8%	34,2%	47,1%	6,2%	8,1%	14,3%	22,5%

Entre os maiores de 64 anos, a interacción cos AAPP son máis frecuentes se o fogar non está en risco de pobreza e a medida que o nivel educativo aumenta. Debemos recordar que as dúas variables relaciónanse directamente tamén co acceso a internet e a capacitación/habilidades dixitais.



5. Acceso aos equipamentos dixitais nos fogares dos seniors de máis de 74 anos

Equipamento tecnolóxico dos fogares




A idade dos habitantes condiciona o acceso á tecnoloxía no fogar. No 2023, só o 44,4% dos fogares con maiores de 74 anos dispoñían de Ordenadores fronte ao 79,1% dos fogares con persoas con idades comprendidas entre os 16 e 74 anos.

A smart tv está no 25,8% dos fogares dos seniors, menos da metade que o resto da poboación. A presenza do resto de tecnoloxías analizadas é moi menor, pero mellorando a súa presenza respecto a os anos anteriores.

Equipamento tecnolóxico dos fogares


Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos con maiores de 74
Evolución 2021-2023



No 2023, aumenta o equipamento tecnolóxico dos fogares dos seniors de máis de 74 anos, sobre todo a presenza de SmartTV, os altofalantes intelixentes dixitais e os dispositivos de seguridade conectados a Internet.

Equipamento tecnolóxico dos fogares


Fogares con ordenadores. Desagregación por tipoloxía de ordenador



No 2023, os ordenadores seguen sendo o equipamento tecnolóxico con maior presenza nos fogares galegos: o 79,1% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 e o 44,4% dos fogares con persoas maiores de 74 anos dispoñen deste equipamento.


A presenza dos ordenadores nos fogares galegos con persoas maiores de 74 anos mantense estable no último ano e incrementouse nun 4,2% dende o ano 2021, sendo os ordenadores portátiles e as tablets ou PDA os que máis presenza gañaron nos fogares galegos dos seniors maiores de 74 anos no último ano.

Tipoloxías de ordenador nos fogares galegos con maiores de 74
Evolución 2021-20223



Fogares con Internet


Fogares con Internet contratado



Continúa o incremento dos fogares con internet contratado. No 2023, a contratación de internet nos fogares con persoas maiores de 16 e menores de 75 acada o 94,3%, e chega ao 63,1% nos fogares onde residen maiores de 74 anos. Respecto ao ano 2022, o incremento de fogares con Internet foi do 1,7% nos primeiros e do 2,6% nos fogares de maiores de 74.

En termos absolutos, os fogares con maiores de 74 anos tiveron un incremento relativo do 7,5% dende ao ano 2021, incorporando no período 2021-2023, 12.762 novos fogares con conexión a Internet en Galicia.

Fogares con Internet Contratado
Evolución Galicia 2021-2023




Fogares con Internet				
	2021	2023	Incremento no período 2021-2023	Incremento relativo
Fogares con persoas de 16 a 74 anos	868.954	890.005	21.051	2,4%
Fogares con maiores de 74	169.138	181.900	12.762	7,5%

Fogares con Internet


Fogares con Internet contratado: Velocidade Máxima de Conexión

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 ou mais anos con conexión a Internet)



Evolución da velocidade de conexión nos fogares con maiores de 74 anos 2021-2023

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 74 ou mais anos con conexión a Internet)



En canto á velocidade de conexión a Internet, xa todos os fogares galegos indican que contan con banda larga (máis de 1 Mbp). No 2023, máis do 78% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 30Mbps. Nos fogares con maiores de 74 anos acádase o 71,6%.

O crecemento da velocidade de conexión igual ou superior a 100Mbps é do 77,6% dende o 2021, o que supón que, no 2023, 63.483 fogares con maiores de 74 anos teñen esta velocidade contratada.

Fogares con velocidade de Internet contratada de 100 Mbps ou superior. Evolución 2021-2023 Valores Absolutos			
	2021	2023	Incremento no período 2021-2023
Fogares con persoas de 16 a 74 anos	260.921	398.946	52,9%
Fogares con maiores de 74	35.747	63.483	77,6%



6. Conclusiones

Conclusións



A porcentaxe de internautas galegos de 65 a 74 anos acada o 65,9% en 2023, o que supón un incremento dun 10% respecto ao ano anterior. En troques, os maiores de 74 só son internautas o 22,5%, pero creceron un 11,9% no último ano.



A mensaxería instantánea, a lectura de noticias, xornais ou revistas en liña, e a búsqueda de información sobre bens o servizos, son os servizos de Internet máis utilizados polos internautas maiores de 64 anos.



Afiánzase actividades na rede entre os maiores de 64 anos que indican un bo nivel de dixitalización como é a utilización da banca electrónica, concertar unha cita médica a través dunha páxina web o app móbil ou buscar información sobre temas de saúde.



Continúa o incremento do número de maiores de 64 anos que utilizan o comercio electrónico ata o 19,8% dende os 65 anos e 16,2% dende os 75 pero están aínda moi lonxe da poboación menor de 65 (72,6%).



A fenda dixital que afecta das persoas maiores de 64 anos ten unha maior incidencia na ciberseguridade e a prevención de delitos informáticos, xa que o 39,4% dos maiores de 65 anos non actualiza os seus produtos de seguridade informática.



Máis do 43% dos maiores de 65 anos utilizou Internet para realizar xestións coas AAPP. Na maioría dos casos fíxoo para buscar información e enviar formularios cumprimentados.



O 63,1% dos fogares con maiores de 74 anos teñen acceso a Internet, cun crecemento do 2,6% respecto ao ano anterior.



Máis do 71% dos fogares dos seniors con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 30Mbps.



7. Outros Estudos Osimga de referencia

Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe de periodicidade anual avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estrutural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo das Competencias dixitais da poboación galega permitiu medir os diferentes desempeños da poboación galega en habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software. Mide o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA